



ENTROIDO



Foz 14 de febreiro de 2025

Prezadas familias:

Acércanse as datas do Entroido e de novo no noso Colexio voltamos a celebralo .

Este ano imos darlle un pequeno xiro .

Comezaremos a festexalo o luns 24, para rematar o venres 28.

E aquí tendes os mandatos do meco.... e xa sabedes que....

*O MECO MANDA
O MECO ORDENA
E SE NON OS CUMPRES
PAGARÁS UNHA CONDENA*

- *Para entrar no entroido con bo pé, o luns, os **calcetíns desemparellados e coloridos** terás que traer.*
- *Para o **martes** engadir, trae da casa o teu **mandil**.*
- *Se o **mércores** queres continuar, o teu **pESCOZO** debes **adornar**.*
- *O **xoves** para rematar unha **prenda na cabeza** para todos amolar.*
- *O **venres** se queres troulear, o **disfraz que ti queiras** terás que levar.*

Toda a semana, aqueles que queiran, xa poden vir ao cole cos complementos que se indican.

O venres 28 imos probar neste curso a celebralo doutro xeito e dentro do Colexio, sen saír polo exterior.

Xa fai varios anos que parte do alumnado nos vén pedindo facer a festa no cole, sen desfilar polas rúas e vir co disfraz que quixeran.

Ademais do tempo que require preparar a vestimenta, do custo que tén para as familias e de que gran parte do alumnado solicitou poder vir co disfraz que queiran (incluso aproveitar disfraces que teñen doutros anos), imos intentar este novo formato. Formato que se non resulta, poderemos estudalo e modificalo, se é o caso.

O PLANNING PARA O VENRES 28 DE FEBREIRO, SERÁ O SEGUINTE:

- **9:30/13:00-** Todos disfrazados e faremos **actividades lúdicas programadas** e relacionadas co carnaval
- **13:00/14:00.- Xantar** todos xuntos no pavillón
Aqueles alumnos que non se queden habitualmente no comedor poden facelo este día entregándolle 6€ ao titor/a antes do mércores 26.
Se algún vai comer ao seu fogar marchará ao redor das 13:00 h.
- **14:00/15:15 .- Música e festa “rachada”** para todos no pavillón.
- **15:15.-** Por xentileza da ANPA, todos os rapaces poderán disfrutar dunha gran chocolatada con doces.
- **A partir das 15:30.-** Igual que en cursos pasados haberá tamén chocolate para todas as familias que queiran compartir un anaco de tempo tanto cos rapaces como con outros pais.
- Tamén, igual que sempre, pregámoslles que aqueles que poidan e queiran traian algún **produto típico do Entroido** e así poderémolo compartir todos. (Poden xa traelos pola mañá)

Ese venres 28, todo o alumnado remata ás 16:50

Así mesmo, queremos recordarlles que segundo o calendario escolar 2024/2025 o mércores 5 de marzo (mércores de cinsa) é considerado día non lectivo, polo tanto a reincorporación ás clases será o xoves 6.

Agardámos a todos e agradecéndonlles de antemán a súa colaboración, saudámosos atentamente.

A COMUNDADE EDUCATIVA DO CPR. NOSA SRA. DO PILAR